

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

2074 *Real decreto 96/2009, do 6 de febreiro, polo que se aproban as reais ordenanzas para as Forzas Armadas.*

Historicamente denominábase «ordenanzas» un conxunto de normas que sistematizaban o réxime dos militares nos seus variados aspectos. Singular importancia tivo a promulgación das que serviron de guía para a vida e funcionamento do Exército e a Armada durante máis de dous séculos. Para a Armada, as ordenanzas do 1748 de Fernando VI que establecían o goberno militar, político e económico da súa Armada Naval e as ordenanzas sobre a gobernación militar e mariñeira da Armada promulgadas por Carlos IV en 1793. No Exército, as ditadas por Carlos III en 1768 para o réxime, disciplina, subordinación e servizo dos seus exércitos, de aplicación desde 1769 tamén á Armada no que fosen compatibles coas súas propias. Os artigos destas ordenanzas que seguían vixentes tamén foron adoptados polo Exército do Aire desde a súa creación.

As ordenanzas, ademais de regularen aspectos de moi diversa índole, plasmaban principios éticos que debían presidir o comportamento dos militares e algunhas delas perduraron no tempo como acervo común dos militares españois e elemento esencial na formación do seu espírito militar e maneira de actuar na vida cotiá e no combate. A gran maioría, non obstante, foron substituídas por outro tipo de disposicións ou caeron en desuso.

Nos inicios da etapa constituínte, e en lóxica adaptación ao cambio político e social que se estaba producindo en España, púxose en marcha o proceso de revisión das antigas ordenanzas, que culminou coa promulgación da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

O seu primeiro obxectivo foi acomodarse á Constitución e ao marco democrático dun Estado de dereito, coa forma de monarquía parlamentaria, que asegura o imperio da lei como expresión da vontade popular.

Constituíron un fito fundamental no proceso de reforma das Forzas Armadas para, sen perderen os valores tradicionais que lles son intrínsecos, adaptarse á nova realidade da sociedade española e a súa integración no marco internacional de referencia, sendo de aplicación xeral ao conxunto dos exércitos.

Posteriormente a configuración do réxime de carreira profesional dos militares foi substituída, aínda sen derogación expresa, pola Lei 17/1989, do 19 de xullo, reguladora do réxime do persoal militar profesional, e pola Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas. Por fin a Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar derogou os artigos afectados.

Nesta última lei, recollendo o mandato do artigo 20 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, establecéronse as regras esenciais que definen o comportamento dos militares, que deben ser desenvolvidas mediante real decreto nunhas novas reais ordenanzas para as Forzas Armadas.

Polo que respecta ao exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, a Lei 85/1978, do 28 de decembro, supuxo un importante avance ao referirse aos dereitos civís e políticos recoñecidos na Constitución sen outras limitacións que as legalmente establecidas. Estas foron recollidas na propia Constitución e nas leis orgánicas posteriores, as cales tiveron moi presente principios das reais ordenanzas como son as características das Forzas Armadas de disciplina, xerarquía e unidade e o deber de neutralidade política.

Eses principios seguen vixentes con rango de lei, ben nas regras esenciais de comportamento, definidas na Lei da carreira militar, ou nos artigos da Lei 85/1978, que se manteñen en vigor, sen prexuízo da súa futura actualización que deberá ser abordada, tal

como se sinala no preámbulo da citada Lei da carreira militar, nunha lei con rango de orgánica segundo exigencia constitucional.

Pola súa vez, outros aspectos básicos da defensa nacional como son as misións das Forzas Armadas, os seus órganos superiores ou o papel do Goberno na determinación da política de defensa e na dirección da Administración militar, quedaron regulados noutras normas, entre as cales destaca a Lei orgánica da defensa nacional. Igualmente, as regras relativas ao uso da bandeira de España, encóntranse recollidas na Lei 39/1981, do 28 de outubro.

En consecuencia, estas reais ordenanzas para as Forzas Armadas, de acordo co previsto na Lei orgánica da defensa nacional e na Lei da carreira militar, conforman un código deontolóxico, compendio dos principios éticos e regras de comportamento do militar español.

No título preliminar, ademais de concretar o ámbito de aplicación, faise referencia ao deber fundamental do militar na defensa de España, á súa actuación como servidor público, ao xuramento ou promesa ante a bandeira, ao respecto aos símbolos da patria e ás características indispensables nas Forzas Armadas de disciplina, xerarquía e unidade. Tamén se quixo destacar desde o inicio das reais ordenanzas o respecto á dignidade da persoa e aos seus dereitos inviolables, así como a importancia do principio de igualdade de xénero.

A continuación do título preliminar inclúense os referidos ao militar, á disciplina e á acción de mando como títulos I, II e III respectivamente. En todos eles se establecen regras de comportamento de aplicación xeral sen distincións por categorías e empregos militares nin polo exercicio de cargos ou destinos concretos. Este criterio ponse claramente de manifesto na xeneralización para todo militar de preceptos anteriormente dedicados ao oficial e ao cabo, ao representar unha síntese do espírito militar e a forma de entender e exercer o mando nas Forzas Armadas españolas.

De igual forma se manteñen, pola súa tradición, artigos da Lei 85/1978, que procedían das ordenanzas de Carlos III. Xunto a eles figuran conceptos e principios que son especialmente asumidos pola sociedade española e que foron recollidos na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

Respecto á función operativa, o título IV, denominado «das operacións», divídese en diferentes capítulos para referirse ás distintas misións das Forzas Armadas. Á hora de establecer as pautas de comportamento do militar, consideráronse cada unha desas misións e os factores que inflúen no seu normal cumprimento e, en consecuencia, descríbese a resposta que cada unha delas require.

O título céntrase cun capítulo fundamental referido á ética nas operacións, que complementa a regra esencial, definida na Lei da carreira militar, en que se destaca a importancia de facer un uso gradual e proporcionado da forza de acordo coas regras de enfrontamento que estean establecidas para as operacións en que se participe. Todo iso de acordo cos convenios internacionais ratificados por España e os principios do dereito internacional humanitario.

As reais ordenanzas finalizan co título V, que recolle en capítulos diferenciados as funcións técnicas, loxísticas e administrativas, imprescindibles para asegurar a capacidade operativa das Forzas Armadas e contribuír ao benestar do persoal, e a función docente, básica na preparación profesional dos militares.

Cómpre sinalar que ao longo do articulado das reais ordenanzas se emprega o termo «unidade» con carácter xenérico e que se debe entender que pode facer referencia tanto a unha unidade militar ou buque e, se é o caso, centro ou organismo, como a unha base, acuartelamento ou establecemento.

A disposición sobre derogacións e vixencias é necesariamente complexa. Cómpre derrogar, por un lado, artigos das reais ordenanzas para as Forzas Armadas vixentes con rango de real decreto, segundo o previsto na disposición transitoria décimo primeira da Lei da carreira militar e, por outro, artigos das reais ordenanzas do Exército de Terra, da Armada e do Exército do Aire nos aspectos que son tratados nestas novas reais ordenanzas ou xa o foron noutras disposicións con rango de real decreto ou superior.

As demais normas contidas nas reais ordenanzas particulares, denominación que se deixa de utilizar, quedarán temporalmente en vigor con rango de real decreto ou orde do ministro de Defensa, ata que se proceda á súa nova regulación.

Polo que respecta á Garda Civil, dada súa natureza militar e a condición militar dos seus membros, sinálase no artigo 2 que na súa normativa específica se recollerá o que dispoñen as reais ordenanzas para as Forzas Armadas naquilo que lles sexa aplicable.

Este real decreto cumpre, en definitiva, o disposto no artigo 20.2 da Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, e no artigo 4.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 6 de febreiro do 2009,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación das reais ordenanzas para as Forzas Armadas.*

Apróbanse as reais ordenanzas para as Forzas Armadas, cuxo texto se insire a seguir.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións e vixencias.*

1. Quedan derogados os artigos 1 ao 4, 6, 10, 14 ao 19, 25, 27, 30 ao 33, 35 ao 48, 51 ao 58, 65 ao 78, 80 ao 83, 85, 86, 88 ao 167 e 191 da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas, que teñen rango de real decreto segundo o previsto na disposición transitoria décimo segunda da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar.

2. Quedan derogados:

a) Os artigos 1 ao 4, 6, 11 ao 13, 22, 23, 74, 268 ao 278, 320 ao 325 e 435 ao 441 das reais ordenanzas do Exército de Terra aprobadas polo Real decreto 2945/1983, do 9 de novembro.

b) Os artigos 1 ao 22, 26 ao 79, 138 ao 146, 443 ao 453 e 614 ao 620 das reais ordenanzas da Armada aprobadas polo Real decreto 1024/1984, do 23 de maio.

c) Os artigos 1 ao 5, 12 ao 23, 307 ao 317, 359 ao 364, e 473 ao 479 das reais ordenanzas do Exército do Aire aprobadas polo Real decreto 494/1984, do 22 de febreiro.

3. Así mesmo, quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao preceptuado neste real decreto.

4. Continuarán vixentes co rango que se cita para cada un deles, os seguintes artigos:

a) Con rango de real decreto os artigos 59 a 64 e o 189, da Lei 85/1978, do 28 de decembro, de reais ordenanzas para as Forzas Armadas, segundo o previsto na xa citada disposición transitoria décimo segunda da Lei da carreira militar.

b) Manteñen o rango de real decreto os artigos:

1.º Do 234 ao 267 e do 326 ao 414 das reais ordenanzas do Exército de Terra.

2.º Do 418 ao 442 e do 501 ao 586 das reais ordenanzas da Armada.

3.º Do 289 ao 306 e do 365 ao 452 das reais ordenanzas do Exército do Aire.

c) Terán o rango de orde ministerial:

1.º Os artigos 5, 7 ao 10, 14 ao 21, 24 ao 73, 75 ao 233, 279 ao 319 e 415 ao 434 das reais ordenanzas do Exército de Terra.

2.º Os artigos 23 ao 25, 80 ao 137, 147 ao 417, 454 ao 500, 587 ao 613 e 621 ao 644 das reais ordenanzas da Armada.

3.º Os artigos 6 ao 11, 24 ao 288, 318 ao 358 e 453 ao 472 das reais ordenanzas do Exército do Aire.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao amparo do disposto no artigo 149.1.4.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

O ministro de Defensa aprobará as normas necesarias para a actualización dos artigos a que se refire a disposición derrogatoria única.4.c).

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 6 de febreiro do 2009.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,
CARME CHACÓN PIQUERAS

ÍNDICE

- Título preliminar: Disposicións xerais (artigos 1 ao 13).
- Título I: Do militar.
 - Capítulo I. Principios básicos (artigos 14 ao 23).
 - Capítulo II. Normas de actuación (artigos 24 ao 43).
- Título II: Da disciplina (artigos 44 ao 52).
- Título III: Da acción de mando.
 - Capítulo I. Exercicio do mando (artigos 53 ao 65).
 - Capítulo II. Relación cos subordinados (artigos 66 ao 77).
 - Capítulo III. Do mando de unidade (artigos 78 ao 79).
 - Capítulo IV. Do apoio ao mando (artigos 80 ao 82).
- Título IV: Das operacións.
 - Capítulo I. Conceptos xerais (artigos 83 ao 87).
 - Capítulo II. Das operacións de combate (artigos 88 ao 92).
 - Capítulo III. Das operacións de paz e axuda humanitaria (artigos 93 ao 97).
 - Capítulo IV. Das operacións de seguranza e benestar dos cidadáns (artigos 98 ao 103).
 - Capítulo V. Das operacións de evacuación e rescate (artigos 104 ao 105).
 - Capítulo VI. Da ética en operacións (artigos 106 ao 114).
- Título V: Das demais funcións do militar.
 - Capítulo I. Das funcións técnicas, loxísticas e administrativas (artigos 115 ao 122).
 - Capítulo II. Da función docente (artigos 123 ao 129).

REAIS ORDENANZAS PARA AS FORZAS ARMADAS

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

As reais ordenanzas para as Forzas Armadas, que constitúen o código de conduta dos militares, definen os principios éticos e as regras de comportamento de acordo coa Constitución e o resto do ordenamento xurídico. Deben servir de guía a todos os militares para fomentar e exixir o exacto cumprimento do deber, inspirado no amor a España, e no honor, disciplina e valor.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Estas reais ordenanzas son de aplicación a todos os militares profesionais das Forzas Armadas, salvo que estean en situacións administrativas en que teñan suspendida a súa condición militar. Tamén serán de aplicación aos alumnos do ensino militar de formación.

Así mesmo son de aplicación, cando se encontren incorporados ás Forzas Armadas, aos aspirantes a reservista e aos reservistas.

2. Dada a natureza militar da Garda Civil e a condición militar dos seus membros, na súa normativa específica recollerase o que dispoñen estas reais ordenanzas naquilo que lles sexa aplicable.

Artigo 3. *Primeiro deber do militar.*

A disposición permanente para defender España, mesmo coa entrega da vida cando for necesario, constitúe o primeiro e máis fundamental deber do militar, que debe ter a súa diaria expresión no máis exacto cumprimento dos preceptos contidos na Constitución, na Lei orgánica 5/2005, do 17 de novembro, da defensa nacional, na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar e nestas reais ordenanzas.

Artigo 4. *Deberes de carácter xeral.*

O militar cumprirá e fará cumprir a Constitución como norma fundamental do Estado e cumprirá as obrigas derivadas das misións das Forzas Armadas, da súa condición militar e da súa suxeición ás leis penais e disciplinarias militares.

Artigo 5. *Actuación do militar como servidor público.*

Deberá actuar de acordo cos principios de obxectividade, integridade, neutralidade, responsabilidade, imparcialidade, confidencialidade, dedicación ao servizo, transparencia, exemplaridade, austeridade, accesibilidade, eficacia, honradez e promoción do ámbito cultural e ambiental.

Artigo 6. *Símbolos da patria.*

Todo militar ten o deber de prestar ante a bandeira xuramento ou promesa de defender España. Mostrará o máximo respecto á bandeira e ao escudo de España e ao himno nacional como símbolos da patria transmitidos pola historia.

Artigo 7. *Características do comportamento do militar.*

Axustará o seu comportamento ás características das Forzas Armadas de disciplina, xerarquía e unidade, indispensables para conseguir a máxima eficacia na súa acción.

Artigo 8. *Disciplina.*

A disciplina, factor de cohesión que obriga a mandar con responsabilidade e a obedecer o mandado, será practicada e exixida nas Forzas Armadas como norma de actuación. Ten a súa expresión colectiva no acatamento á Constitución e a súa manifestación individual no cumprimento das ordes recibidas.

Artigo 9. *Xerarquía.*

O militar desempeñará os seus cometidos con estrito respecto á orde xerárquica militar na estrutura orgánica e operativa das Forzas Armadas, que define a situación relativa entre os seus membros en canto concirne a mando, subordinación e responsabilidade. Os que ocupan os diversos niveis da xerarquía están investidos de autoridade en razón do seu cargo, destino ou servizo e asumirán plenamente a conseguinte responsabilidade. A autoridade implica o dereito e o deber de tomar decisións, dar ordes e facelas cumprir, fortalecer a moral, motivar os subordinados, manter a disciplina e administrar os medios asignados.

Artigo 10. *Unidade das Forzas Armadas.*

Comportarase en todo momento con lealdade e compañeirismo, como expresión da vontade de asumir solidariamente cos demais membros das Forzas Armadas o cumprimento das súas misións, contribuindo desta forma á súa unidade.

Artigo 11. *Dignidade da persoa.*

Axustará a súa conduta ao respecto das persoas, ao ben común e ao dereito internacional aplicable en conflitos armados. A dignidade e os dereitos inviolables da persoa son valores que ten obriga de respectar e dereito a exixir. En ningún caso os militares estarán sometidos, nin someterán outros, a medidas que supoñan mingua da dignidade persoal ou limitación indebida dos seus dereitos.

Artigo 12. *Dereitos fundamentais e liberdades públicas.*

Na súa actuación o militar respectará e fará respectar os dereitos fundamentais e as liberdades públicas recoñecidos na Constitución, sen prexuízo de que no seu exercicio se deba ater ás limitacións legalmente establecidas en función da súa condición militar.

Artigo 13. *Igualdade de xénero.*

Velará pola aplicación dos criterios e normas relativos á igualdade efectiva de mulleres e homes e á prevención da violencia de xénero.

TÍTULO I

Do militar

CAPÍTULO I

Principios básicos

Artigo 14. *Espírito militar.*

O militar cuxo propio honor e espírito non o estimulen a obrar sempre ben vale moi pouco para o servizo; chegar tarde á súa obriga, aínda que sexa uns minutos; escusarse con males imaxinarios ou supostos das fatigas que lle corresponden; contentarse regularmente con facer o preciso do seu deber, sen que a súa propia vontade adiante cousa ningunha, e falar poucas veces da profesión militar, son probas de gran desidia e ineptitude para a carreira das armas.

Artigo 15. *Primacía dos principios éticos.*

Dará primacía aos principios éticos que responden a unha exixencia de que fará norma de vida. Desta forma contribuirá á fortaleza das Forzas Armadas, garantía de paz e seguranza.

Artigo 16. *Cumprimento do deber.*

Cumprirá con exactitude os seus deberes e obrigas impulsado polo sentimento do honor inspirado nestas reais ordenanzas.

Artigo 17. *Virtudes fundamentais.*

Terá presente que a disciplina, valor, prontitude na obediencia e exactitude no servizo son virtudes ás cales nunca debe faltar.

Artigo 18. *Xustiza nas Forzas Armadas.*

Propiciará, coa súa actuación, que a xustiza impere nas Forzas Armadas de tal modo que ninguén teña nada que esperar do favor nin temer da arbitrariedade.

Artigo 19. *Dedicación do militar.*

Exercerá a súa profesión con dedicación e espírito de sacrificio, subordinando a honrada ambición profesional á íntima satisfacción do deber cumprido. Deberá ter amor ao servizo e constante desexo de ser empregado nas ocasións de maior risco e fatiga.

Artigo 20. *Dispoñibilidade para o servizo.*

Estará en dispoñibilidade permanente para o servizo, que se materializará de forma adecuada ao destino que se ocupe e ás circunstancias da situación, e realizará calquera tarefa ou servizo coa máxima dilixencia e puntualidade, tanto en operacións como para garantir o funcionamento das unidades.

Artigo 21. *Tradición militar nos exércitos.*

Os membros das Forzas Armadas sentiranse herdeiros e depositarios da tradición militar española. A homenaxe aos heroes que a forxaron e a todos os que entregaron a súa vida por España é un deber de gratitude e un motivo de estímulo para a continuación da súa obra.

Artigo 22. *Prestixio das Forzas Armadas.*

O militar velará polo prestixio das Forzas Armadas e polo seu propio en canto membro delas. Esforzarse en que coa súa achega persoal á súa unidade, da cal se sentirá orgulloso, manteña os maiores niveis de preparación, eficacia, eficiencia e cohesión, con obxecto de que mereza ser designada para as máis importantes e arriscadas misións.

Artigo 23. *Historial e tradicións.*

Conservará e transmitirá o historial, tradicións e símbolos da súa unidade, para perpetuar o seu recordo, contribuír a fomentar o espírito de unidade e reforzar as virtudes militares dos seus compoñentes.

CAPÍTULO II

Normas de actuación**Artigo 24. *Funcións do militar.***

O militar exercerá funcións operativas, técnicas, loxísticas e administrativas no desempeño dos seus cometidos para a preparación e emprego das unidades militares en cumprimento das misións encomendadas. Estas funcións desenvolveranse por medio de accións directivas, que inclúen as de mando, e accións de xestión e executivas. Tamén poderá actuar en apoio ao mando e exercer funcións docentes.

Artigo 25. *Formación.*

Manterá unha sólida formación moral, intelectual, humanística e técnica, un elevado coñecemento da súa profesión e unha adecuada preparación física, que o capaciten para contribuír á eficacia das Forzas Armadas e faciliten a súa adaptación á evolución propia da sociedade e do ámbito internacional, así como á innovación en medios e procedementos.

Artigo 26. *Competencia profesional.*

Prepararase para alcanzar o máis alto nivel de competencia profesional, especialmente nos ámbitos operativo, técnico e de xestión de recursos, e para desenvolver a súa capacidade de adaptarse a diferentes misións e escenarios.

Artigo 27. *Acción conxunta.*

Será consciente da importancia da acción conxunta das Forzas Armadas, entidade única e integradora das formas de acción específicas de cada un dos seus compoñentes.

Artigo 28. *Conduto regulamentario.*

Para asuntos do servizo relacionarase con superiores e subordinados por conduto regular segundo a estrutura xerárquica das Forzas Armadas, que será o conduto regulamentario, salvo nos casos en que estea establecido un específico para dirixirse ao órgano competente para resolver.

Artigo 29. *Acatamento e transmisión da decisión.*

Antes de o seu xefe tomar unha decisión, poderá propoñerlle cantas suxestións coide adecuadas; pero unha vez adoptada, aceptaraa e defenderaa como se for propia, desenvolvéndoa e transmitíndoa con fidelidade, claridade e oportunidade para lograr a súa correcta execución.

Artigo 30. *Relacións con autoridades civís.*

Porá de manifesto o respecto e a cortesía militar nas súas relacións coas autoridades do Goberno da Nación, das comunidades autónomas e dos poderes lexislativos e xudicial, así como coas demais autoridades das administracións públicas.

Artigo 31. *No ámbito internacional.*

Cando se integre temporalmente en exércitos e órganos de defensa doutros países ou en organizacións internacionais, seralle de aplicación o disposto nestas reais ordenanzas, sen prexuízo das peculiaridades previstas nos tratados, convenios e demais acordos internacionais subscritos por España. Observará no seu trato cos membros dos exércitos doutras nacións as mesmas regras de comportamento que rexen nas Forzas Armadas españolas.

Artigo 32. *Relacións coa poboación civil.*

Fomentará a relación coa poboación civil e será cortés e deferente no seu trato con ela, en particular coa que máis directamente poida verse afectada polas súas actividades, evitando toda molestia innecesaria.

Artigo 33. *Discreción en asuntos do servizo.*

Gardará discreción sobre os asuntos relativos ao servizo. Observará as disposicións e medidas vixentes sobre materias clasificadas e protección de datos de carácter persoal, así como as relacionadas co acceso a lugares restrinxidos.

Artigo 34. *Informes sobre asuntos do servizo.*

Ao informar sobre asuntos do servizo farao de forma obxectiva, clara e concisa, sen ocultar nin desvirtuar nada de canto souber.

Artigo 35. *Non-influencia en resolución de trámites.*

Non influirá na axilización ou resolución dos trámites ou procedementos sen xusta causa e, en ningún caso, cando supoña un menoscabo dos intereses de terceiros.

Artigo 36. *Informes persoais e avaliacións.*

Obrará coa maior reflexión, xustiza e equidade na elaboración dos informes persoais, así como nos procesos de avaliación en que participe, consciente da gran transcendencia que teñen, tanto para os interesados como para o conxunto da organización.

Artigo 37. *Novidades ou irregularidades.*

De observar algunha novidade ou ter noticia de calquera irregularidade que puiden afectar o bo funcionamento da súa unidade, intentará remedialo e porao en coñecemento dos seus superiores mediante parte verbal ou escrito, segundo a urxencia e importancia do feito.

Artigo 38. *Queixas e reclamacións.*

Se tiver algunha queixa ou reclamación sobre asuntos do servizo que puideren afectar ou prexudicar os seus intereses, porao en coñecemento dos seus superiores, de bo modo e polo conduto regulamentario. Todo iso sen prexuízo de exercer os dereitos ou accións que legalmente lle correspondan.

Artigo 39. *Conciliación da vida profesional, persoal e familiar.*

Será consciente da importancia que ten para a súa unidade e para os que forman parte dela a aplicación das normas sobre conciliación da vida profesional, persoal e familiar. Facilitará esa conciliación en todo aquilo que sexa da súa competencia, tendo en conta as necesidades do servizo.

Artigo 40. *Coidado da saúde.*

Prestará especial atención e coidado a todos os aspectos que afecten a saúde e a prevención de condutas que atenten contra ela. Considerará a educación física e as prácticas deportivas como elementos básicos no mantemento das condicións psicofísicas necesarias para o exercicio profesional e que, ademais, favorecen a solidariedade e a integración.

Artigo 41. *Recoñecemento ao militar retirado.*

Tratará o militar retirado co respecto e consideración que merecen a súa dedicación e servizos prestados, gardando as mostras de compañeirismo e cortesía pertinentes.

Artigo 42. *Manexo e uso das armas.*

Porá máxima atención en todo o concernente ao manexo das armas, especialmente na aplicación das normas de seguranza, consciente da súa grande importancia. Para facer uso delas, aterase estritamente á normativa vixente, ordes recibidas e regras de enfrontamento.

Artigo 43. *Conservación do material.*

Coidará e conservará en perfectas condicións de uso as instalacións, material, equipamento e armamento que teña ao seu cargo de acordo coa normativa aplicable. Asegurará o aproveitamento dos recursos postos á disposición das Forzas Armadas e vixiará o cumprimento das medidas de seguranza e ambientais pertinentes.

TÍTULO II

Da disciplina

Artigo 44. *Da disciplina.*

A disciplina, en canto conxunto de regras para manter a orde e a subordinación entre os membros das Forzas Armadas, é virtude fundamental do militar que obriga a todos por igual. A adhesión racional do militar ás súas regras garante a rectitude de conduta individual e colectiva e asegura o cumprimento rigoroso do deber. É deber e responsabilidade do militar practicar, exixir e fortalecer a disciplina.

Artigo 45. *Cumprimento de ordes.*

Obedecerá as ordes, que son os mandatos relativos ao servizo que un militar dá a un subordinado, en forma adecuada e dentro das atribucións que lle correspondan, para que leve a cabo ou omita unha actuación concreta. Tamén deberá atender os requirimentos que reciba dun militar de emprego superior referentes ás disposicións e normas xerais de orde e comportamento.

Artigo 46. *Instrucións e ordes de autoridades.*

Cumprirá igualmente as instrucións e ordes de autoridades e superiores civís dos cales dependa xerarquicamente nas organizacións nacionais ou internacionais en que preste servizo.

Artigo 47. *Responsabilidade na obediencia.*

No cumprimento das ordes débese esforzar en ser fiel aos propósitos do mando, con responsabilidade e espírito de iniciativa. Ante o imprevisto, tomará unha decisión coherente con aqueles propósitos e coa unidade de doutrina.

Artigo 48. *Límites da obediencia.*

Se as ordes entrañan a execución de actos constitutivos de delito, en particular contra a Constitución e contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado, o militar non estará obrigado a obedecelas. En todo caso asumirá a grave responsabilidade da súa acción ou omisión.

Artigo 49. *Obxección sobre ordes recibidas.*

No suposto de que considere o seu deber presentar algunha obxección á orde recibida, formularaa ante quen lla tiver dado. Se o seu incumprimento prexudicase a misión encomendada, reservarase a obxección ata tela cumprido.

Artigo 50. *Actitude ante o persoal de servizo.*

Todo militar, calquera que sexa o seu emprego, atenderá ás indicacións ou instrucións doutro que, aínda sendo de emprego inferior ao seu, se encontre de servizo e actúe en virtude de ordes ou consignas que estea encargado de facer cumprir.

Artigo 51. *Forma de corrixir.*

Cando aprecie unha falta, corrixiraa e, se procede, imporá a sanción que corresponda ou informará dela a quen teña a potestade sancionadora. En presenza dun superior non deberá corrixir as faltas ou defectos que observe cando lle corresponda a aquel facelo. En beneficio da disciplina tampouco corrixirá nin chamará a atención a ninguén ante outros de inferior emprego, excepto nos casos en que a falta se cometese en presenza destes ou en que, de non facelo, se orixine prexuízo para o servizo.

Artigo 52. *Signos externos de disciplina, cortesía militar e policía.*

Porá gran coidado en observar e exixir os signos externos de disciplina, cortesía militar e policía, mostras da súa formación militar. Esforzarse en pór de manifesto a atención e o respecto a outras persoas, sexan militares ou civís, en destacar pola corrección e enerxía no saúdo e por vestir o uniforme con orgullo e propiedade. Terá presente que o saúdo militar constitúe expresión de respecto mutuo, disciplina e unión entre todos os membros das Forzas Armadas.

TÍTULO III

Da acción de mando

CAPÍTULO I

Exercicio do mando

Artigo 53. *Estilo de mando.*

O militar que exerza mando farase querer e respectar polos seus subordinados; non lles disimulará xamais as faltas de subordinación; infundiralles amor ao servizo e exactitude no desempeño das súas obrigas; será firme no mando, graciable no que poida e comedido na súa actitude e palabras mesmo aínda cando amoeste ou sancione.

Artigo 54. *Liderado.*

Reafirmará o seu liderado procurando conseguir o apoio e a cooperación dos seus subordinados polo prestixio adquirido co seu exemplo, preparación e capacidade de decisión.

Artigo 55. *Responsabilidade no exercicio do mando.*

O sentido da responsabilidade é indispensable para o bo exercicio do mando e por el farase acredor da confianza dos seus superiores e subordinados.

A responsabilidade no exercicio do mando militar non é renunciabile nin pode ser compartida. Os que exerzan mando tratarán de inculcar unha disciplina baseada no convencemento. Todo mando ten o deber de exixir obediencia aos seus subordinados e o dereito a que se respecte a súa autoridade, pero non poderá ordenar actos contrarios ás leis ou que constitúan delito.

Artigo 56. *Responsabilidades penais graves en relación cos delitos contra o dereito internacional humanitario.*

Será consciente da grave responsabilidade que lle corresponde e asume para evitar a comisión, polas forzas sometidas ao seu mando ou control efectivo, dos delitos de

xenocidio, lesa humanidade e contra as persoas e bens protexidos en caso de conflito armado.

Artigo 57. *Aprecio da vida dos seus subordinados.*

Considerará a vida dos seus subordinados como valor inestimable e non os exporá a maiores perigos que os exixidos polo cumprimento da misión. Será a súa preocupación constante velar pola protección e seguranza do persoal ás súas ordes.

Artigo 58. *Capacidade para o combate.*

O mando será consciente de que a capacidade para o combate depende en gran medida da moral de vitoria, da motivación e da eficacia da instrución e adestramento.

Artigo 59. *Unidade de acción.*

Coa finalidade de asegurar a unidade de acción e a máxima eficacia operativa, manterá permanente contacto cos mandos que lle estean subordinados e estudará con atención as propostas que estes lle presenten.

Artigo 60. *Capacidade de decisión, iniciativa e creatividade.*

A condición esencial do que exerce mando é a súa capacidade para decidir. Actuará con iniciativa e fomentará entre os seus subordinados. Para adoptar as súas decisións aplicará a normativa vixente e actuará con creatividade e capacidade de xuízo sen coartar a intuición e a imaxinación.

Artigo 61. *Exercicio da autoridade.*

Exercerá a súa autoridade con firmeza, xustiza e equidade, evitando toda arbitrariedade e promovendo un ambiente de responsabilidade, íntima satisfacción e mutuo respecto e lealdade. Manterá as súas ordes con determinación, pero non se empeñará nelas se a evolución dos acontecementos aconsella variálas.

Artigo 62. *Toma de decisións.*

No exercicio da súa autoridade será prudente na toma de decisións, froito da análise da situación e a valoración da información dispoñible, e expresará en ordes concretas, cuxa execución debe dirixir, coordinar e controlar, sen que a insuficiencia de información, nin ningunha outra razón, poida desculpalo de permanecer inactivo en situacións que requiran a súa intervención.

Artigo 63. *Razoamento das ordes.*

Razoará no posible as súas ordes para facilitar a súa comprensión e a colaboración consciente e activa dos seus subordinados; con iso conseguirá que o seu acatamento se fundamente na lealdade e confianza que deben existir entre todos os membros das Forzas Armadas.

Artigo 64. *Transmisión de ordes.*

Normalmente dará as ordes a través dos seus inmediatos subordinados e cando o faga directamente a aqueles que deban executalas, informará diso. Apoiará as ordes que dean os seus subordinados, sempre que non prexudiquen a misión encomendada ou que entrañen inxustiza; neste caso corríxiraa.

Artigo 65. *Administración de recursos.*

Administará os recursos postos baixo a súa responsabilidade para obter o máximo rendemento deles, de acordo cos principios de economía e eficiencia na súa utilización e eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados.

CAPÍTULO II

Relación cos subordinados

Artigo 66. *Coñecemento da organización polos subordinados.*

O militar que exerza mando será responsable de que os seus subordinados, desde o momento da súa incorporación, coñezan a organización e o funcionamento da súa unidade, así como a súa dependencia xerárquica, atribucións, deberes e responsabilidades dentro dela.

Artigo 67. *Respecto ás funcións e cometidos dos subordinados.*

Velará para que todos os seus subordinados exerzan as funcións e desempeñen os cometidos que lles correspondan por razón de cargo, destino ou servizo, sen atribuírse nin invadir as competencias alleas, contribuíndo así á eficacia do conxunto.

Artigo 68. *Aptitudes profesionais dos subordinados.*

Prestará atención ás aptitudes e traxectoria profesional dos seus subordinados de maneira que estas se correspondan coas tarefas que teñan encomendadas e elevará, se é o caso, as propostas convenientes para mellorar o seu rendemento, conxugando as súas aspiracións profesionais coa eficacia da súa unidade.

Artigo 69. *Coñecemento dos subordinados e os seus intereses.*

Manterá cos seus subordinados un contacto directo, en especial cos seus inmediatos colaboradores, que lle permita coñecer as súas aptitudes, aspiracións e historial militar, atender ás súas inquietudes e necesidades, así como velar polos seus intereses profesionais e persoais. Todo iso capacitarao para asignarlles os postos e as tarefas máis adecuados e cualificalos con xustiza.

Artigo 70. *Motivación dos subordinados.*

Utilizará todos os medios ao seu alcance, principalmente a persuasión e o exemplo, para motivar os seus subordinados no exercicio profesional.

Artigo 71. *Tramitación de peticións.*

Recibirá e resolverá ou tramitará, co informe que proceda, as peticións, recursos, reclamacións ou queixas formulados por un subordinado no exercicio dos seus dereitos.

Artigo 72. *Espírito de equipo.*

Fomentará o espírito de equipo para aumentar a cohesión da súa unidade e a converxencia de esforzos co fin de alcanzar o máximo rendemento individual e de conxunto.

Artigo 73. *Convivencia na súa unidade.*

Velará pola convivencia entre todos os seus subordinados sen discriminación ningunha por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, xénero, orientación sexual, relixión ou conviccións, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, fomentando o compañeirismo e a integración intercultural.

Artigo 74. *Información aos seus subordinados.*

Informará os seus subordinados do desenvolvemento das actividades, exercicios e operacións en curso, así como dos plans e proxectos que os poidan afectar, na medida que as circunstancias o permitan.

Artigo 75. *Recoñecemento de méritos.*

Recoñecerá e premiará os subordinados que se fixesen acredores diso en xusta proporción aos seus méritos, por si ou elevando as propostas que correspondan. O seu recoñecemento público representa unha satisfacción para quen o recibe, un estímulo para a unidade de que forma parte e un exemplo para todos.

Artigo 76. *Seguranza no traballo.*

Será responsabilidade e preocupación constante de todo o que exerce mando velar pola seguranza e prevención de riscos no exercicio profesional do persoal ás súas ordes, polas condicións sanitarias das instalacións e da alimentación, e polo cumprimento da normativa xeral adaptada ás peculiaridades propias das súas funcións.

Artigo 77. *Actividades culturais, deportivas e recreativas.*

Fomentará as actividades culturais e deportivas e facilitará as recreativas do persoal ás súas ordes e, sempre que sexa posible, integraráas no ámbito civil en que a unidade se desenvolva.

CAPÍTULO III

Do mando de unidade

Artigo 78. *Do mando de unidade.*

O militar que se encontre ao mando dunha unidade, dentro da estrutura orgánica das Forzas Armadas, será o máximo responsable do seu bo funcionamento, da súa preparación, de posibilitar a súa posta á disposición da estrutura operativa e do exacto cumprimento das ordes recibidas, de acordo coas correspondentes normas de organización. Preocuparase de manter e potenciar a disciplina, moral, motivación, seguranza, formación militar e condicións físicas dos seus subordinados e de que coñezan, cumpran e fagan cumprir ao seu nivel as obrigas que impón o servizo.

Artigo 79. *Do comandante ou xefe de unidade, buque ou aeronave.*

O militar ao mando de organización operativa, buque ou aeronave terá a denominación de comandante ou xefe e será expresamente designado para exercer ese mando. O seu obxectivo será o exacto cumprimento da misión que se lle confiase de acordo coas ordes recibidas, para o cal porá en xogo todos os recursos ao seu alcance. Será permanente exemplo ante os seus subordinados, destacando pola súa competencia, liderado e profesionalidade.

CAPÍTULO IV

Do apoio ao mando

Artigo 80. *Calidades no apoio ao mando.*

O militar en tarefas de apoio ao mando axudará este no cumprimento da misión encomendada, prestándolle a súa colaboración total. Desenvolverá o seu traballo con rigor intelectual, coordinación de esforzos e capacidade de diálogo e síntese. As súas calidades esenciais son a lealdade, a competencia profesional, a capacidade de traballo e a discreción.

Artigo 81. *Responsabilidade ante o mando.*

Proporcionará ao mando unha puntual e obxectiva información cos elementos de xuízo e datos que lle permitan fundamentar as súas decisións. Terá presente que o traballo que desempeña é impersoal e que só será responsable ante o seu xefe. Non interferirá nas accións directivas propias do mando.

Artigo 82. *Fidelidade aos propósitos do mando.*

Será fiel aos propósitos do mando ao materializar as súas decisións nas correspondentes ordes, instrucións ou directivas. Velará pola súa difusión e cumprimento e aclararalles aos mandos subordinados canto sexa necesario para a súa mellor execución.

TÍTULO IV

Das operacións

CAPÍTULO I

Conceptos xerais

Artigo 83. *Preparación para o combate.*

En todo tipo de operacións, o militar estará preparado para afrontar con valor, abnegación e espírito de servizo situacións de combate, calquera que sexan as misións das Forzas Armadas en que desempeñe os seus cometidos e exerza as súas funcións.

Artigo 84. *Uso lexítimo da forza.*

No emprego lexítimo da forza, o militar fará un uso gradual e proporcionado dela, de acordo coas regras de enfrontamento establecidas para as operacións en que participe.

Artigo 85. *Principio de humanidade.*

A súa conduta no transcurso de calquera conflito ou operación militar deberase axustar ás normas que resulten aplicables dos tratados internacionais en que España fose parte, relativos ao dereito internacional humanitario.

Artigo 86. *Aplicación das regras de comportamento específicas nas operacións.*

Terá presente que as regras de comportamento contidas neste título, aínda que se regulen especificamente para cada tipo de operacións, deben servir de guía de actuación en todas elas.

Artigo 87. *Accións distinguidas.*

O mando valorará como accións distinguidas nas operacións as que constitúen un exemplo de valor, moral ou pericia militar e unha excepcional superación no cumprimento do deber, así como aquelas en que se manifeste de forma excepcional o trato humanitario, os dotes de persuasión por medios pacíficos ou a capacidade negociadora.

CAPÍTULO II

Das operacións de combate

Artigo 88. *Cumprimento da misión.*

En caso de conflito armado, alentado pola legalidade e lexitimidade da súa causa e o apoio da Nación, o militar actuará sempre con inquebrantable vontade de vencer. O combatente concentrará a súa atención e esforzo no cumprimento da misión da súa unidade con plena entrega, sacrificio e enerxía para conseguir o obxectivo asignado.

Artigo 89. *Calidades do combatente.*

A moral de vitoria, o valor, a acometividade, a serenidade e o espírito de loita son calidades que debe posuír todo combatente.

Artigo 90. *Conservación do posto.*

O que tiver orde de conservar o seu posto custar o que custar, farao.

Artigo 91. *Subordinación á finalidade xeral.*

Subordinará o obxecto inmediato da súa acción no combate á finalidade xeral das operacións, sen caer na va satisfacción dun éxito limitado ou persoal.

Artigo 92. *Moral de vitoria.*

Todo mando en combate debe inspirar aos seus subordinados valor e serenidade para afrontar os riscos. Dedicará a súa capacidade a conservar a moral de vitoria, a disciplina e a orde, e a evitar que alguén intente desisitir na acción, abandonar o seu posto ou desobedecer as ordes recibidas.

CAPÍTULO III

Das operacións de paz e axuda humanitaria

Artigo 93. *Misións de paz, estabilidade, seguranza e axuda humanitaria.*

Cando o militar actúe en misións para contribuír ao mantemento da paz, estabilidade e seguranza e apoiar a axuda humanitaria, farao como instrumento da Nación española ao servizo destes fins, en estreita colaboración con exércitos de países aliados e no marco das organizacións internacionais de que España forme parte.

Artigo 94. *Resposta ante situacións cambiantes.*

O coñecemento e cumprimento das regras de enfrontamento permitiránlle facer fronte ás situacións cambiantes de cada momento, e deberá estar preparado para asumir a protección da poboación afectada e os riscos conseqüentes.

Artigo 95. *Adaptación a situacións complexas.*

O militar utilizará toda a súa capacidade de análise e iniciativa para facer fronte ás situacións complexas, diversas e imprevisibles en que se poida ver involucrado e adaptarse a elas con mentalidade aberta, atendendo ao cumprimento da misión, aplicando o principio de humanidade e sen descoidar a súa seguranza e a da súa unidade.

Artigo 96. *Preparación e actuación en operacións de paz ou humanitarias.*

Instruirase e porá todo o seu interese no coñecemento e comprensión dos elementos identificadores da cultura e os costumes propios da zona de despregamento, elementos que respectará salvo que comprometan a misión encomendada ou a seguranza propia e a dos seus subordinados.

Artigo 97. *Relacións con organizacións civís.*

Colaborará, dentro das posibilidades da misión encomendada, con aquelas organizacións civís que desempeñen tarefas en favor da paz, seguranza, estabilidade ou de axuda humanitaria.

CAPÍTULO IV

Das operacións de seguranza e benestar dos cidadáns

Artigo 98. *Seguranza e benestar dos cidadáns.*

O militar porá todo o seu empeño en preservar a seguranza e benestar dos cidadáns durante a actuación das Forzas Armadas en supostos de grave risco, catástrofe, calamidade ou outras necesidades públicas.

Artigo 99. *Rapidez de reacción.*

Esforzarase desde os primeiros momentos en que a súa rápida intervención supoña unha resposta eficaz que infunda confianza e tranquilidade á poboación civil.

Artigo 100. *Repercusión na imaxe das Forzas Armadas.*

Actuará coa máxima competencia e espírito de sacrificio, afrontando as situacións críticas con serenidade, consciente de que a súa intervención, pola proximidade á poboación civil, terá unha enorme transcendencia na imaxe que a sociedade teña das Forzas Armadas.

Artigo 101. *Competencia na actuación.*

Na execución da misión que teña encomendada cumprirá os seus cometidos coa máxima pericia, baseada na súa competencia profesional, para protexer a vida e a integridade de todos os afectados e evitar riscos innecesarios.

Artigo 102. *Intervención coordinada con outras institucións e colectivos.*

Buscará a perfección na execución dos seus cometidos, sempre en beneficio do conxunto, tendo presente que a unidade de que forme parte deberá intervir de forma coordinada con outras institucións e colectivos que atendan ás emerxencias.

Artigo 103. *Apoio a forzas e corpos de seguranza.*

Cando se lle asignen tarefas de colaboración e apoio ás forzas e corpos de seguranza porá o seu máximo empeño en protexer o libre exercicio dos dereitos e liberdades e en garantir a seguranza cidadá.

CAPÍTULO V

Das operacións de evacuación e rescate

Artigo 104. *Evacuación de españois no estranxeiro.*

Actuará coa maior dilixencia, en colaboración con outros organismos nacionais ou internacionais, en misións de evacuación de españois no estranxeiro cando circunstancias de inestabilidade no país poñan en grave risco a súa vida ou os seus intereses. Se é o caso, actuará de igual forma en relación con cidadáns doutros países.

Artigo 105. *Rescate de persoal en territorio hostil.*

En operacións de rescate para recuperar o persoal que se encontre illado en territorio hostil, o militar terá moi presente que coa súa actuación contribúe a elevar a moral da unidade e a proporcionar confianza no mando e seguranza ao combatente.

CAPÍTULO VI

Da ética en operacións

Artigo 106. *Deberes en relación co dereito internacional humanitario.*

O militar coñecerá e difundirá, así como aplicará no transcurso de calquera conflito armado ou operación militar, os convenios internacionais ratificados por España relativos ao alivio da sorte de feridos, enfermos ou náufragos das Forzas Armadas, ao trato aos prisioneiros e á protección das persoas civís, así como os relativos á protección de bens culturais e á prohibición ou restricións ao emprego de certas armas.

Artigo 107. *Protección de feridos, enfermos, náufragos, prisioneiros, detidos e poboación civil.*

Tratará e coidará con humanidade e sen discriminación ningunha os feridos, enfermos, náufragos, prisioneiros, detidos e membros da poboación civil que estean no seu poder.

Artigo 108. *Busca de feridos, enfermos, náufragos e mortos.*

Na medida en que o permita o cumprimento da misión e a seguranza da súa unidade, adoptará sen tardanza cantas medidas sexan posibles para buscar os feridos, enfermos e náufragos, amparalos contra o saqueo e os malos tratos, así como para buscar os mortos e impedir o despoxo duns e doutros.

Artigo 109. *Actitude como prisioneiro.*

Esforzarse en non ser capturado pero, no caso de caer prisioneiro, todo combatente terá en conta que segue sendo un militar no seu comportamento ante o inimigo e ante os seus compañeiros de catividade, mantendo as relacións de subordinación e as regras de disciplina. Non aceptará do inimigo ningún pacto nin favor especial. Empeñará todos os seus recursos para evitar responder outras preguntas que non sexan relativas a facilitar o seu nome e apelidos, emprego, filiación e data de nacemento e fará todo o necesario para evadirse e axudar a que seus compañeiros o fagan.

Artigo 110. *Trato aos prisioneiros ou detidos.*

Non someterá a tortura ou vexación os prisioneiros e detidos e trataralos con humanidade e respecto, subministrándolles os medios necesarios para a súa saúde e hixiene e evitando situalos en zonas expostas aos riscos do combate. No prazo máis breve posible evacuaralos lonxe da zona de combate para que queden fóra de perigo.

Artigo 111. *Principio de distinción.*

No transcurso de calquera operación terá en conta o principio de distinción entre persoas civís e combatentes e entre bens de carácter civil e obxectivos militares para protexer a poboación civil e evitar no posible as perdas ocasionais de vidas, sufrimentos físicos e danos materiais que o puidesen afectar.

Artigo 112. *Protección de poboación especialmente vulnerable.*

Protexerá as persoas indefensas ou desvalidas, especialmente as mulleres e os nenos, contra a violación, a prostitución forzada, os tratos humillantes e degradantes ou calquera forma de explotación ou agresión sexual.

Artigo 113. *Protección de bens culturais.*

Non atacará nin fará obxecto de represalias ou de actos de hostilidade bens culturais ou lugares de culto claramente recoñecidos, que constitúen o patrimonio cultural e espiritual dos pobos e aos cales se outorgase protección en virtude de acordos especiais. Evitará a

utilización destes bens culturais ou de instalacións que se encontren próximas a eles para propósitos que poidan expoñelos á destrución ou á deterioración.

Artigo 114. *Medios e métodos de combate.*

Non utilizará medios ou métodos de combate prohibidos polo dereito internacional humanitario que poidan causar males superfluos ou sufrimentos innecesarios, así como aqueles que estean dirixidos a causar ou poidan ocasionar extensos, graves e duradeiros prexuízos ao ambiente, comprometendo a saúde ou a supervivencia da poboación.

TÍTULO V

Das demais funcións do militar

CAPÍTULO I

Das funcións técnicas, loxísticas e administrativas

Artigo 115. *Importancia e finalidade destas funcións.*

O militar terá en conta que as funcións técnicas, loxísticas e administrativas son primordiais para asegurar a capacidade operativa das Forzas Armadas, manter e perfeccionar o armamento, material e equipo e prestar apoio ao persoal, contribuíndo ao seu benestar.

Artigo 116. *Modo de desempeñalas.*

No exercicio destas funcións traballará con orde, método, claridade de xuízo, dilixencia e capacidade de organización, mantendo a unidade de criterio nos procedementos e resolvendo en prazo os expedientes ou asuntos da súa competencia. Non dubidará en propor ao mando cantas reformas e melloras considere adecuadas, especialmente as que poidan redundar nunha simplificación e informatización dos procedementos. Aceptarán de bo grado a realización de traballos extraordinarios que o desempeño destas funcións lle poida supor.

Artigo 117. *Valor dos traballos técnicos.*

Terá presente que calquera traballo por insignificante que pareza pode ter relevancia no funcionamento da súa unidade ou no cumprimento da misión, xa que os defectos de execución poderían producir danos irreparables en persoas ou sistemas de armas ou mesmo o fracaso da misión.

Artigo 118. *Actitude ante as funcións técnicas.*

O militar que desempeñe funcións técnicas realizaraas con entrega, coñecementos adecuados e profesionalidade. Esforzaráse en actualizar e perfeccionar os seus coñecementos, adaptándoos á evolución das técnicas, á innovación no desenvolvemento dos medios e á crecente complexidade dos sistemas e equipamentos para estar en condicións de realizar o seu cometido coa máxima perfección e rapidez, consciente da importancia que teñen para aumentar o rendemento do traballo.

Artigo 119. *Obxectividade.*

A súa actuación en funcións administrativas fundamentarase en consideracións obxectivas orientadas cara á imparcialidade e ao interese común, á marxe de calquera outro factor que exprese posicións persoais, corporativas ou calquera outra que poida colidir coa satisfacción dos intereses xerais.

Artigo 120. *Cumprimento de obxectivos.*

Actuará de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia e vixiará a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos da unidade de que forme parte.

Artigo 121. *Respecto ás áreas de responsabilidade.*

Respectará as áreas de responsabilidade dos subordinados, e deberá considerar que as intromisións inxustificadas poderían prexudicar a realización do labor encomendado.

Artigo 122. *Xestión de recursos.*

Administará os recursos e bens públicos con austeridade, obxectividade e transparencia, de acordo cos principios de legalidade e de salvagarda destes bens, e non os utilizará en proveito propio ou de persoas achegadas. Terá, así mesmo, o deber de velar pola súa conservación.

CAPÍTULO II

Da función docente

Artigo 123. *Obxectivo primordial do ensino.*

Quen exerza a función docente, actividade que é permanente ao longo da carreira militar tanto no ámbito da formación e perfeccionamento como no da instrución e adestramento, terá como obxectivo primordial ensinar os seus alumnos e subordinados.

Artigo 124. *Calidades necesarias.*

Terá presente que para desenvolver o seu labor e lograr o necesario ascendente son imprescindibles o prestixio e a exemplaridade, alcanzados con profundo coñecemento da materia que imparta, rigor intelectual, método, constante traballo, competencia profesional e aptitude pedagóxica.

Artigo 125. *Desenvolvemento da personalidade dos alumnos.*

Procurará que os seus alumnos alcancen madurez na súa personalidade mediante o desenvolvemento do espírito creativo e a capacidade de análise crítica. En todo momento fomentará neles capacidades para asumir o proceso do coñecemento e adaptarse á súa evolución, infundíndolles inquietude polo constante e progresivo perfeccionamento.

Artigo 126. *Formación militar e capacitación profesional.*

Porá todo o seu empeño, dentro do ámbito das súas competencias, para que os seus alumnos adquiren a formación militar e a capacitación profesional necesarias para o correcto desempeño dos seus cometidos e o adecuado exercicio das súas funcións e facultades.

Artigo 127. *Métodos e técnicas.*

Conxugará as técnicas máis modernas, coas xa consagradas pola experiencia, para desenvolver nos seus alumnos as capacidades de integración, traballo en equipo e actuación en diferentes misións e escenarios.

Artigo 128. *Obriga de aproveitar os medios e oportunidades.*

O militar aproveitará ao máximo os medios e as oportunidades que as Forzas Armadas lle proporcionan para formarse ou perfeccionarse profesionalmente a través do ensino e tamén da instrución e o adestramento, pondo niso todo o seu empeño e capacidade.

Artigo 129. *Formación en valores.*

O que exerza a función docente fomentará os principios e valores constitucionais, tendo en conta a pluralidade cultural de España, e promoverá nos seus alumnos os principios éticos e as regras de comportamento do militar, co obxectivo de que todos os membros das Forzas Armadas fundamenten o seu exercicio profesional no máis exacto cumprimento dos preceptos contidos nestas reais ordenanzas.